
SOMOS AMIGOS?

Texto e ilustracións de ANABEL FERNÁNDEZ REY

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 18,5 x 25,5 cm. 40 páx. 15 €.

MENCIÓN ESPECIAL DO VIII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

Somos amigos? (galego)
ISBN 978-84-8464-998-4.

¿Somos amigos? (castelán)
ISBN 978-84-8464-997-7. Libros para soñar.

Som amics? (catalán)
ISBN 978-84-8464-999-1. Llibres per a somniar.

Somos amigos? (portugués)
ISBN 978-989-749-061-3. Livros para sonhar.

Are we friends? (inglés)
ISBN 978-84-8464-965-6. Books for dreaming.

—Non quero comer verduras.

Ti, que es tan comellón, axúdame?

—Quero voar moi alto.

Ti, que tes tanta forza, axúdame?

“Somos amigos?” é un álbum ilustrado dirixido a pre-lectores e a primeiros lectores sobre a construción da amizade entre un neno e un oso: a priori, dous personaxes moi diferentes, pero que poden ser complementarios se se axudan mutuamente.

Anabel Fernández Rey estrutura a obra en dúas partes, amosando os puntos de vista, os desexos e as necesidades dos protagonistas ante situacións cotiás. Porque aínda que ás veces temos que facer cousas polos demais que non nos gustan ou nos custan certo esforzo, é entón cando se demostra a verdadeira amizade: como entrega, dende a cooperación, a xenerosidade e sen egoísmo. Porque apoiándonos nas dificultades fortalécense os lazos afectivos. Porque non importa o distintos que sexamos fisicamente ou as capacidades diferentes que teñamos.

Texto e ilustracións dialogan no libro de modo que a parte visual ten tanto peso como as palabras -ou mesmo máis, nas dobres páxinas mudas-, o que abre a lectura a diversas interpretacións e conclusións. O diálogo entre os personaxes establécese con palabras e xestos: un verbaliza os seus desexos mentres a resposta do outro intúese a través da súa expresividade.

Colores e pinceladas suaves son a principal cualidade artística desta obra, xunto coa variedade de planos e o xogo coa linguaxe non verbal.



-
- **Temática:** amizade, cooperación, sentimentos.
 - **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
 - **Aspectos destacables:** mención do VIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado; a amizade como entrega, sen egoísmo; educación das emocións; situacións cotiás; lectura textual e visual.
-

Anabel Fernández Rey

(Arxentina, 1975)

Estudou Produción e Realización Audiovisual na Universidade Aberta Interamericana, un posgraio en Xestión Cultural na Facultade Latinoamericana de Ciencias Sociais e Arteterapia na Fundación Jung de Psicoloxía Analítica. Dende hai máis de dez anos realiza animación dixital e deseño para proxectos artísticos, publicitarios, sociais e educativos. Colabora en programas onde a educación, a comunicación e a expresión artística involucran a nenos e as nenas. Segue formándose como ilustradora en talleres das escolas Sótano Blanco e Casita de Latinoamérica, e en literatura co taller Octavo Cielo.

<http://anabelfernandezrey.blogspot.com>



www. **kalandraka**.com
comunicacion@kalandraka.com
